

CIRCULAR DE INICIO DE CURSO

ESTIMADAS FAMILIAS :

Enviamos a todos un cordial saúdo de benvida, especialmente para os que neste curso se incorporan a Comunidade Educativa do CEIP "JUAN FERNANDEZ LATORRE".

De seguido informámosvos dalgúns temas de interese para ter en conta durante o curso 2011–2012:

- O curso abrangue dende o 12 de setembro de 2011 ata o 22 de xuño de 2012. A xornada lectiva é continua cun horario de 9:00 a 14:00 h.
- O alumnado de EDUC. INFANTIL de tres anos seguirá o horario establecido para o *Período de Adaptación* ata o 23 de setembro.
- Os períodos vacacionais serán :

NADAL: Do 22 de decembro ao 6 de xaneiro de 2012 (ámbolos dous inclusive).

ENTROIDO: do 20 ao 22 de febreiro de 2012 (ámbolos dous inclusive).

SEMANA SANTA: Do 02 ao 09 de abril de 2012 (ámbolos dous inclusive)

DÍAS NON LECTIVOS: 31 de outubro (día do ensino) e 18 de maio de 2012.

- Antes das vacacións de Nadal , Semana Santa e do final de curso as familias recibirán o Boletín Informativo sobre o rendemento escolar do alumnado.
- **A convocatoria das primeiras reunións das familias cos correspondentes titores-as serán seguindo este calendario:**

Día	Hora	Cursos
19 de setembro	16 h.	5º EP
19 de setembro	17,15 h.	2º EP
26 de setembro	16 h.	3º EP e 3 anos
26 de setembro	17,15 h.	1º EP
03 de outubro	16 h.	6ºEP e 4ºEP
03 de outubro	17 h.	4 anos e 5 anos

- Como é habitual, os luns , en horario de 16 a 17 h. será posible realizar entrevistas cos titores e o resto do profesorado previa petición de cita.
- Como novidade informamos de que o horario de recreo do alumnado de Ed. Infantil será á mesma hora que o de Primaria, de 11,45 a 12,15 e os venres de 11,30 a 12h

- Dende o día 12 de setembro funcionará o COMEDOR do Centro tanto coa opción de comer regular como esporádicamente. Tamén o servizo de MADRUGADORES coas opción con almorzós e sen almorzós. (xestionados por *Serunión* e o ANPA)
- As actividades extraescolares, xestionadas pola ANPA, comezan o luns 03 de outubro. O horario do ANPA será de 17 a 19 h de luns a xoves. (tlf. 981139980)
- A Biblioteca do Colexio abrirá os venres de 16 a 17,30h. preferentemente para o alumnado de primaria.
- Comunícase a toda a Comunidade Escolar as **prohibicións tanto de fumar** dentro do recinto escolar, como a de **entrar con animais**. O recinto escolar inclúe patios e zonas axardinadas.

Agardamos a vosa colaboración no cumprimento do documento de *Normas de Organización e Funcionamento do Centro (NOF)* do que salientamos os seguintes puntos:

- ✓ O Colexio abre as súas portas ás 8,50h.
- ✓ O alumnado debe entrar e saír polas portas asignadas.
- ✓ Non se autorizará a presenza de familiares do alumnado polos corredores en horario lectivo, agás para acceder á zona administrativa.
- ✓ Non solicitar á atención do profesorado no momento das entradas e saídas. Por favor notifícase as incidencias a través dunha tarxeta, por escrito, non verbalmente.
- ✓ Ao alumnado non se lle permite o uso de teléfonos móbiles, reprodutores de música e calquera outro aparello electrónico dentro do recinto escolar.
- ✓ As saídas ou entradas do alumnado fora do horario establecido, xustificaranse debidamente ante a titora ou titor. Igualmente as faltas de asistencia de un ou varios días deberán xustificarse.
- ✓ As reiteradas faltas de asistencia e **puntualidade** ás actividades lectivas serán correxidas seguindo as indicacións do recollido do documento de NOF.
- ✓ Nas actividades extraescolares, comedor e madrugadores tan só poderá participar o alumnado previamente inscrito. **Así pois, durante o desenrol destas actividades a utilización das instalacións do Centro estará restrinxida exclusivamente ao alumnado inscrito nelas.**

Podedes atopar máis información sobre o Colexio, documentos, circulares, enlaces, fotos, etc, visitando a nosa web <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipfernandezlatorre/>

Para calquera **dúbida ou solicitude de calquera tipo** estamos a vosa disposición no telf/fax 981133029, ou no enderezo electrónico ceip.fernandez.latorre@edu.xunta.es

DESEXANDO A TODOS UN FELIZ CURSO SAÚDALLES ATENTAMENTE A DIRECCIÓN DO COLEXIO.

A Coruña a 12 de setembro de 2011

